

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2008.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CINCUENTA MINUTOS** do día **DEZASETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D<sup>o</sup> GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2º.- CONTRATACIÓN.-**

**3º.- URBANISMO.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**1.1.-** Dase conta do escrito de Ingeniería de Gestión Industrial, S.L., Rexistro de Entrada nº 5267, de data 13 de outubro de 2008, indicando que coa entrada en vigor do novo Regulamento para Baixa Tensión (R.D. 842/2002) establécese no seu apartado 4.2 da instrucción técnica complementaria ITC-BT-05 a obrigatoriedade de realizar, por medio dun Organismo de Control Autorizado, unha inspección periódica quinquenal (5 anos) da instalación eléctrica; e que esta empresa é o Organismo de Control Autorizado (Nº OC-I-079) pola Dirección Xeral de Industria da Consellería de Innovación Industria e Comercio.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda darlle traslado ó Electricista municipal.

**1.2.-** Escrito de D<sup>o</sup> José Manuel Santomé Costa, en representación de Obras Técnicas de Galicia, S.L., Rexistro de Entrada nº 5264, de data 13 de outubro de 2008, solicitando permiso para corte da vía pública de unha superficie aproximada de 70 m2 durante un período de 8,00 horas (de 10,30 a 18,30 horas) para desmontaxe da grúa torre sita na obra da rúa Avda. da Estación, nº 15 (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para o seu informe.

**1.3.-** Escrito de Cerocinco 05 Empresas S.L., en nome e representación da Comunidade de Propietarios do Edificio Cine, na rúa Emilio Alonso Paz, nº 5 (Silleda), rexistro de Entrada nº 5328, de data 14 de outubro de 2008, solicitando o pintado da linea amarela diante do portal que da acceso ós garaxes do edificio anteriormente mencionado.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para o seu informe.

**1.4.-** Escrito da Federación Galega de Municipios e Provincias, Rexistro de Entrada nº 5269, de data 13 de outubro de 2008, indicando que a comisión executiva do FEGAMP en data 09.09.08 adoptou o acordo de crear a Sección de Cooperación e Acción Exterior da FEGAMP dirixíndose as Corporacións Locais de Galicia para que manifestasen o seu posible interese en formar parte dela.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar a FEGAMP o interés deste Concello en formar parte da mencionada Sección de Cooperación e Acción Exterior da FEGAMP.

**1.5.-** Escrito de Explotación Minera de Campomarzo, S.A., Rexistro de Entrada nº 5344, de data 15 de outubro de 2008, como concesionaria do “Vertedero de RCD’s de Silleda”, remitindo relación dos vertidos recepcionados o longo dos meses de xullo e agosto de 2008.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.6.-** Dase conta do escrito de denuncia presentado ante el puesto de la guardia civil de Silleda, por D. Miguel Luis González Abal, en fecha 2 de julio de 2.008, y remitido a este Concello en fecha 17 de octubre de 2.008, con número de rexistro 5412 contra los propietarios de la vivienda sita en la Avda Recinto Feiral 6, 1º de Silleda, por tenencia de animais domésticos en condicións e instalacións inadecuadas.

Visto que os feitos denunciados poden ser constitutivos dunha infracción administrativa por vulnerar o establecido no artigo 20 letras d) e letra e) da Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeidade

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1.- Que se emita informe de Secretaría con relación ao procedemento e a Lexislación aplicable para levar a cabo a tramitación do correspondente expediente sancionador.

2.- Que por parte da Policía Local emítase informe co obxecto de comprobar a data de hoxe os feitos comunicados, a identificación das persoas que puidesen resultar responsables, as circunstancias relevantes que concorran nuns e outros, e a tipificación das infraccións

## **2º.- CONTRATACIÓN.-**

**2.1.-** Escrito da Dirección Xeral de Transportes-Consellería de Política territorial, Obras Públicas e Transportes, Rexistro de Entrada nº 5213, de data 08 de outubro de 2008, sobre autorización da sinatura dun convenio de colaboración con este Concello para a construción de dúas áreas de estacionamento de autobuses neste concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Facultar á Sra. Alcaldesa para asinar o convenio anteriormente mencionado.

2º.- Compromiso do concello de pór a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, con usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias.

3º.- Compromiso do concello de asumir, unha vez recibidas as obras, e previa comunicación da Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

4º.- Compromiso do concello de facer directa achega á Xunta de Galicia dunha contía igual á que se puidera liquidar polo propio concello en concepto de calquera clase de tributo con motivo das obras.

5º.- Compromiso do concello de outorgar aqueles permisos ou autorizacións precisos para a execución das obras, logo da presentación do proxecto que para o efecto se aprobe sobre a base do anteproxecto informado polo propio concello.

**2.2.-** Dase conta da certificación nº Oito e liquidación presentada por Fernando Pena Caramés, Rexistro de Entrada nº 5379, de data 16 de outubro de 2008, correspondente á execución da obra denominada “Mejoras de las Bibliotecas, Locales Sociales y Otros” do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras Dº José Pereiras Sánchez, en data 15 de outubro de 2008, e que ascende a un importe de 30.744,07 €, así como a factura nº 47 de 15.10.08, correspondente a esta certificación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación nº Oito e liquidación da obra “Mejoras de las Bibliotecas, Locales Sociales y Otros”, que ascende a un importe de 30.744,07 €, así como a factura anteriormente mencionada.

**2.3.-** Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 23 de setembro de 2008 aprobou o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación das obras denominadas “CUBERTA E CERRAMENTOS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA DA CULTURA DE BANDEIRA”, por procedemento negociado sin publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que, de conformidade co certificado emitido por secretaría en data 17 de outubro de 2008, foron presentadas en tempo e forma as seguintes ofertas:

- 1.- Empresa: Suso Chaira S.L  
Nº de rexistro de entrada: 5.289, de data 13 de outubro de 2.008
- 2.- Empresa: F. Pena Caramés  
Nº de rexistro de entrada: 5.353, de data 15 de outubro de 2.008
- 3.- Empresa: Nueva Vista S.L. (Anteriormente Otefra)  
Nº de rexistro de entrada: 5282, de data 13 de outubro de 2.008

Visto que, efectuada a apertura do Sobre B dos licitadores, as proposicións económicas presentáronse nos seguintes termos.:

Nº Proposición	Empresa	Importe das unidades de obra a maiores en □□□	Prazo de Execución
1	Suso Chaira S.L.	12.000,00	60 días
2	Nueva Vista, S.L.	2.215,42	45 días
3	F. Pena Caramés	0,00	90 días

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**RIMEIRO.** Adxudicar provisionalmente o contrato para a realización das obras denominadas “CUBERTA E CERRAMENTOS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA DA CULTURA DE BANDEIRA” por procedemento negociado sen publicidade á empresa Suso Chaira S.L., polo prezo de 120.000,00 euros. O prezo certo anterior queda desglosado nun valor estimado de 103.448,27 euros e no Imposto sobre o Valor Engadido de 16.551,63 euros.

**SEGUNDO.** Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

**TERCEIRO** Notificar e requirir a Suso Chaira S.L., adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación.

**CUARTO.** Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante.

**2.4.- “Abastecimiento de agua en Corrospedriños, Cortegada y Mánduas ” do PSA/2006.**

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº dous, polo importe de 24.000,00

□□□, correspondente a obra “Abastecimiento de agua en Corrospedriños, Cortegada y Mánduas” do PSA/2006, executada por FERTAF Obras y Servicios S.L.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº dous da obra Abastecimiento de agua en Corrospedriños, Cortegada y Mánduas” do PSA/2006, por importe de 24.000,00 □□□, asinada polo Enxeñeiro Técnico- Director das Obras, Dº. Roberto Estévez Vázquez.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
01.10.08	96	FERTAF Obras y Servicios S.L.	24.000,00 □□□

### 3º.- **URBANISMO.-**

#### 3.1.- **Licencia de Obra Menor.**

Dase conta do escrito de solicitude de licencia de obra para acondicionamento interior de palleira sita no lugar da Zanca nº 36, parroquia de Dornelas (Silleda), presentada por D. Marcos Cancela Neira, en data 16 de outubro de 2.008, con número de rexistro de entrada 5.378.

Visto o informe emitido polo arquitecto técnico municipal en data 17 de outubro de 2.008, que literalmente dí:

“De acordo co establecido no artigo 195.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e na Lei 15/2004, do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002, a OBRA solicitada considérase como MENOR.

O solo no que está ubicado o cuberto ó que se lle pretenden realizar ditas obras ten as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO RÚSTICO según a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a Lei 15/2004, do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002.

- Ordenanza de aplicación: Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e Lei 15/2004, do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002.

As obras que se pretenden realizar consistirán na reforma interior dunha palleira para ampliación da actividade gandeira.

En todo caso empregaranse materiais de iguais características que os retirados e non se aumentará nin se modificará o volume da edificación.

De acordo coa valoración levada a cabo polos Servicios Técnicos municipais considérase axeitado o orzamento dos traballos que se sinala na solicitude.

Polo tanto non se aprecia inconveniente para a concesión da licencia de obra solicitada, con suxección ás anteriores determinacións.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda outorgar licencia de obra menor a D. Marcos Cancela Neira, para a reforma interior de palleira sita no lugar da Zanca nº 36, parroquia de Dornelas (Silleda)

**3.2.-** Dase conta do escrito presentado por Juan Otero Lorenzo, administrador da sociedade SOMETAL S.L.U, polo que se solicita que o Concello de Silleda proceda á execución subsidiaria das obras ordadas a ALUMINIOS COEGO S.L. mediante decreto de alcaldía de data 18 de agosto de 2.008.

Visto que en data 18 de agosto de 2.008, emitiuse o decreto de alcaldía que a continuación se transcribe:

*“Visto o informe da Policía local de data 1 de agosto de 2.008, no que se poñen de manifesto os seguintes feitos:*

- Que en la parcela 8 A del parque empresarial de Silleda, propiedad de la entidad ALUMINIOS COEGO S.L. se han realizado trabajos de explanación, y a causa de los mismo se ha rebajado la cota del terreno en unos 2,5 metros en el linde con la parcela colindante.*
- Que en la actualidad la mencionada parcela se encuentra en las mismas condiciones descritas en el informe con Ref: 11/08, de fecha 7 de enero de 2.008*

*Comprobado que as obras de excavación do terreo realizadas por Aluminios COEGO poden conlevar risco para as persoas e os bens por non cumprir as necesarias condicións de estabilidade e c correcto acabamento das construcións.*

*Visto que o artigo 9 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas modificacións da Lei 15/2004 do 29 de decembro dispón que os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade e, en solo rústico, estarán obrigados a realiza-las obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.*

*Visto asimesmo o disposto no artigo 25 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, que dispón: “1. As medidas que en virtude deste deber se deben adoptar terán como obxectivo, con carácter xeral, conserva-la estabilidade e o acabamento das construcións en condicións tales que non impliquen risco para as persoas ou os bens; mante-los bens de forma que non perturben a salubridade ou a hixiene; e conserva-los ditos*

*bens de tal modo que, respectando as súas características estéticas, non incidan negativamente na harmonía do contorno.”*

*Visto o disposto no artigo 199 da sinalada lei, relativo ó deber de conservación e as ordes de execución.*

**RESOLVO:**

*1º Ordear a ALUMINIOS COEGO S.L., para que proceda á inmediata adopción das medidas necesarias para garantir a seguridade e estabilidade das obras de excavación do terreo realizadas na parcela 8 A do parque empresarial Area-33, no seu linde coa parcela 18 A, propiedade da sociedade SOMETAL S.L.U.*

*A realización das devanditas obras debe realizarse no prazo de quince días contados a partir do seguinte ó recibo da presente resolución.*

*2º Conceder ó interesado trámite de audiencia polo prazo de dez días para que alegue e presente os documentos que estime pertinentes.*

*3º Advertir ó interesado que o incumprimento da presente orde de execución constitúe unha infracción urbanística, tal como dispón o artigo 199 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia , e o artigo 28 do Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado polo Decreto 28/1999 do 21 de xaneiro.”*

Visto que transcorrido o sinalado prazo de 15 días, e segundo se informa por D. Juan Otero Lorenzo, non se deu cumprimento a sinalada orde de execución

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:.

**PRIMEIRO.** Ordear novamente a ALUMINIOS COEGO S.L. para que no prazo de 10 días proceda á inmediata adopción das medidas necesarias para garantir a seguridade e estabilidade das obras de excavación do terreo realizadas na parcela 8 A do parque empresarial Area-33, no seu linde coa parcela 18 A, propiedade da sociedade SOMETAL S.L.U, concedendo ó interesado trámite de audiencia polo prazo de dez días para que alegue e presente os documentos que estime pertinentes.

**SEGUNDO.** Advertir que, si transcorrido tal prazo non se houberse cumprido có ordeado, procederase previo apercibimento á execución subsidiaria polo Concello, todo elo a costa do obrigado, de conformidade có establecido na Ley 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sin perxuízo das sancións que procedan.

**TERCEIRO.** Advertir ó interesado que o incumprimento da presente orde de execución constitúe unha infracción urbanística, tal como dispón o artigo 199 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia , e o artigo 28 do Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado polo Decreto 28/1999 do 21 de xaneiro.

**CUARTO:** Solicitar que por secretaría se emita informe sobre si procede iniciar

expediente sancionador por comisión de infracción urbanística, tal como dispón o artigo 199 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e o artigo 28 do Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado polo Decreto 28/1999 do 21 de xaneiro.

QUINTO: Que pola policía local se emita informe ós efectos de determinar o estado actual das obras de excavación do terreo realizadas por Aluminios COEGO

SEXTO: Notificar o presente acordo ós interesados indicándolles os oportunos recursos administrativos.

### **3.3.- Actividades clasificadas:**

**3.3.1.-** Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>o</sup> Roberto Sanz Piñeiro, en nome e representación de SILVET PRODUCTOS VETERINARIOS S.C., solicitando Licencia para apertura de local para dedicalo a comercial de veterinaria, a situar na rúa Venezuela, nº 61 baixo (sillead).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 24 de setembro de 2008, informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, SCD, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Non se instalará ningún tipo de maquinaria nin equipo de reprodución sonora e cumprirá o disposto na normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruidos do Concello. Os residuos que se xeren durante a actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. Para os produtos fitosanitarios, contratará con SIGFITO -sistema de xestión de fitosanitarios- a xestión da recollida selectiva para os posibles residuos que poidan xerarse, coma centro de agrupamento ou coma punto vinculado a un centro de agrupamento. Se se produce a venda de animais deberá inscribirse no rexistro de Establecementos de Animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de**



**obra solicitada, e a licenzia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenzia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

**3.3.2.-** Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> MARIA TERESA ALONSO FONTAO, solicitando Licenzia de actividade correspondente a reforma de nave de gando porcino e reforma de estabulación de gando vacún de leite para dedicala a cebadeiro de gando porcino, a situar na finca nº 226 do polígono 3 do plano de concentración parcelaria de Castro-Ponte, chamada Zarra Nova, na parroquia do Castro (Silleda).

Visto que, por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de 14 de marzo de 2.008, se concede licenzia provisional de actividade á licenzia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Dirección Xeral de Urbanismo, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva.

Visto que, polo interesado se presenta certificación final de obras asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D<sup>o</sup> Francisco Pérez Donsión, de data 03 de setembro de 2008, (Registro de Entrada nº 5113, de 03.10.08), e visado en data 01 de outubro de 2008, nº expte. 1395/08.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo Asesor Técnico Municipal, de data 16 de outubro de 2.008, acorda a concesión de licenzia de actividade a D<sup>a</sup> MARIA TERESA ALONSO FONTAO, para reforma de nave de gando porcino e reforma de estabulación de gando vacún de leite para dedicala a cebadeiro de gando porcino, a situar na finca nº 226 do polígono 3 do plano de concentración parcelaria de Castro-Ponte, chamada Zarra Nova, na parroquia do Castro (Silleda).

**3.3.3.-** Visto o expediente instruído a instancia de TÉCNICAS Y GRAMAXE, S.L., solicitando Licenzia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a oficina de deseño gráfico, a situar na Rúa Sta. Olaia, nº 2 baixo (Silleda).

Visto que, por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de xaneiro de 2.008, se concede licenzia provisional de actividade á licenzia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva.

Visto que, polo interesado se presenta certificación final de obras asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D<sup>o</sup> Francisco Javier Canabal Fiestras, de data 30 de xullo de 2008, (Registro de Entrada nº 4152, de 07.08.08), e visado en data 30 de xullo de 2008, nº

expte. 208-5.158.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo Asesor Técnico Municipal, de data 16 de outubro de 2.008, acorda a concesión de licencia de actividade a TÉCNICAS E GRAMAXE, S.L., para apertura de local para dedicalo a oficina de deseño gráfico, a situar na Rúa Sta. Olaia, nº 2 baixo (Silleda).

**3.3.4.-** Visto o expediente instruído a instancia de Dº ANTONIO OTERO MONTOUTO, solicitando Licencia de actividade correspondente a instalación de tres invernadoiros para cultivos ornamentais, a situar na finca nº 573 do polígono 5 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, nas proximidades do lugar de Barrabaite, parroquia de Lamela (Silleda).

Visto que, por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de 15 de febreiro de 2.008, se concede licencia provisional de actividade á licencia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva.

Visto que, polo interesado se presenta certificación final de obras asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Raul Sotelo Cabral, de data 05 de maio de 2008, (Rexistro de Entrada nº 2352, de 13.05.08), e visado en data 09 de maio de 2008, nº expte. 768/08.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo Asesor Técnico Municipal, de data 16 de outubro de 2.008, acorda a concesión de licencia de actividade a Dº ANTONIO OTERO MONTOUTO, para instalación de tres invernadoiros para cultivos ornamentais, a situar na finca nº 573 do polígono 5 do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, nas proximidades do lugar de Barrabaite, parroquia de Lamela (Silleda).

### **3.4.- Licencias de Obra maior:**

**3.4.1.-**A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnico e xurídico, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº JUAN JOSÉ SALGUEIRO PENOUÇOS, con enderezo na rúa Camilo José Cela, nº 2-1ºB - Bandeira (Silleda).
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: REHABILITACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR.. Visado polo Colexio Oficial correspondente en data 26 de setembro de 2006
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Finca nº 367, polígono 3, do plano de concentración parcelaria de Sta. María de Abades, no lugar de Abades, parroquia de Abades (Silleda).
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS:

Arquitecto Dº José Luis Rodríguez González.

- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 61.976,67 □□□
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 30 de xaneiro de 2007, e na resolución de data 16 de setembro de 2008 do Servizo de Urbanismo - Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, con Rexistro de Entrada neste Concello nº 4881, de data 23 de setembro de 2008.
- g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.
- h) OUTROS:
  - Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licenza e data da licenza, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 4106/06

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 e 1.394,48 □□□ que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

**3.4.2.-**A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, vistos os informes técnico e xurídico, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenza que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº ALFONSO FERNANDEZ CACHAFEIRO, con enderezo na rúa Trabancos, 9 - Vilaviciosa de Odón (Madrid).
- c) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: REHABILITACIÓN DUNHA VIVENDA TRADICIONAL UNIFAMILIAR.. Visado polo Colexio Oficial correspondente en data 21 de setembro de 2006
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Lugar de Segade, nº 9, parroquia de Cortegada (Silleda)
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitecto Dº Oscar L. Rodríguez Ramos
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 59.750,00 □□□
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 06 de febreiro de 2007, e na resolución de data 16 de setembro de 2008 do Servizo de Urbanismo - Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, con Rexistro de Entrada neste Concello nº 4877, de data 23 de setembro de 2008.
- g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior,

de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. N° de Licencia 4009/06

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 e 1.344,38  que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cincuenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,